

SELECCIÓN DUN TRACTORISTA DENTRO DO PROGRAMA DA XUNTA DE GALICIA DE FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL (RURAL ACTIVO 2026)**ACTA Nº 1**

Na Casa do Concello ás 9:00h do día 15 de xuño de 2026 constitúese o tribunal de selección para un tractorista dentro do programa da Xunta de Galicia de fomento de Emprego no medio rural (Rural Activo 2026), cos seguintes membros: presidente, D. Andrés Busto Allo, secretaria, D^a. Juana Pedrosa Leis, vogais, D^a Berta Buján Casanova, D. Manuel Rama Dosil e D^a Sofía Pérez Figueira.

Os candidatos foron preseleccionados pola Oficina Pública de Emprego, tal como se especifica no Artigo 14, punto 4, da Orde do 25 de xaneiro de 2026, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento de Emprego no medio rural (Rural Activo 2026) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026, tendo consideración de lista definitiva de aspirantes, aprobada esta por resolución de alcaldía, segundo a base 8 das bases do proceso selectivo obxecto deste acto.

Procédese a realizar a fase de selección:

1^o.-De conformidade coas bases reguladoras da convocatoria das citadas prazas (Base 9^a.1), realízase unha proba práctica aos aspirantes que se presentaron, co obxecto de que poñan de manifesto as habilidades nas cuestións técnicas e o correcto manexo da maquinaria empregada para a realización das tarefas diarias propias do posto. Para levala a cabo os membros do tribunal desprázanse ata o Pavillón Municipal do Cruceiro de Roo, ubicación na que se convocan aos aspirantes.

Realizada a proba proposta, a cualificación da mesma é a seguinte:

Identidade do aspirantes	Puntos obtidos
Blanco Peón, José	4.50
García Santiago, Roberto	4.50
Leis Arcos, Benedicto	Non presentado

2^o.-Procedese a valorar a fase de méritos establecida nas bases da convocatoria (Base 9^a 2) aos aspirantes que superaron a fase de oposición, sendo a puntuación dos mesmos:

Identidade do aspirantes	Puntos obtidos
Blanco Peón, José	1.00
García Santiago, Roberto	0.00



3º.- Rematadas a fase de oposición e a fase de concurso a puntuación global dos aspirantes, ordenada de maior a menor , é a seguinte:

Identidade do aspirantes	Puntos obtidos
Blanco Peón, José	5.50
García Santiago, Roberto	4.50

4º.- O tribunal propón, por acadar a maior puntuación no proceso, a contratación como tractorista do programa RURAL ACTIVO 2026 a D. Blanco Peón, José, DNI: **.***.*37G.

5º.- A persoa seleccionada para o posto disporá de 5 días hábiles para a presentación de certificado médico ou informe de saúde que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes, así como a xustificación de estar inscrito/a como demandante de emprego

6º.- Co resto de persoas candidatas admitidas, e que superaron o proceso selectivo, formarase unha bolsa de traballo para cubrir posibles renuncias ou outras vacantes, ou para atender necesidades imprevistas dentro do antedito programa.

O tribunal conclúe a sesión sendo as 11:00 h na data sinalada no encabezamento.

O Tribunal, conforme

